

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|----------|---------------|
| 15025657 | IES de Mugardos | Mugardos | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | 2ª Lingua estranxeira - Portugués | 3º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 18 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 19 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 20 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 23 |
| 9. Outros apartados | 24 |

1. Introducción

A Lei 1/2014, do 24 de marzo de 2014, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, publicada no DOG a 8 de abril de 2014, que parte da ILP Valentim Paz Andrade, ampara no Artigo 2 a promoción e incorporación da lingua portuguesa no ensino non universitario. Xa con anterioridade, a Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia contemplaba a extinción do portugués como Segunda Lingua Estranxeira.

A Xunta de Galicia, mediante o DOG publicado o 8 de abril recolle a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, comprométese no Artigo 2 a incorporar progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia. Expresa que no actual mundo globalizado, as institucións galegas, comprometidas co aproveitamento das potencialidades de Galicia, deben valorizar o galego como unha lingua con utilidade internacional. Considera a necesidade de fomentar o ensino e aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística (de unidade co portugués), un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial do país veciño, tendo en conta tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.

A lingua galega, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na cultural mais tamén na económica. Por iso a mencionada lei contempla a dotación de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional. Por tanto, para a mellora do desenvolvemento social, económico e cultural galego, promóvense todas cantas medidas sexan posíbeis para valorizar esta vantaxe histórica.

O alumnado do IES MUGARDOS amosa interese e predisposición por aprender linguas estranxeiras, como é o caso da portuguesa. Consideran as importantes vantaxes que a impartición da lingua portuguesa como II lingua estranxeira suporía para a súa competencia lingüística e o seu desenvolvemento cultural. De maneira especial, temos en conta as facilidades que posúen para a aprendizaxe do portugués desde a súa competencia comunicativa en lingua galega, por seren estas parte da mesma unidade lingüística, resultándolles así a portuguesa unha lingua próxima e con maiores facilidades para a súa aprendizaxe. Para alén disto, e de xeito significativo, a súa aprendizaxe alicerza e promociona a lingua galega na lusofonía e da cultura lusófona na nosa comunidade, establecendo lazos con Portugal, Brasil, como os distintos territorios africanos ou, en xeral, coa Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.

No plano máis xeral, o DOG do 26 de setembro de 2021, recolle que o coñecemento de linguas é un instrumento esencial para a existencia curiosa e participativa nun mundo global, no cal se desenvolve un sentido de comunidade que está a dar lugar a comunidades dixitais, estilos de vida, hábitos de consumo e sensibilidades comúns respecto do que consumimos ou das condicións ambientais. Transitar adecuadamente, con instrumentos lingüísticos e culturais suficientes, por estes ámbitos da globalización, converteuse nunha necesidade para que poidan fluír o diálogo intercultural, a solidariedade internacional e os dereitos humanos universais.

A aprendizaxe desta segunda lingua estranxeira contribúe a que o alumnado desenvolva a súa competencia intercultural, abríndolle o ámbito da alteridade e axudándoo a comprender mellor os demais, así como ampliando as súas competencias de mediación entre diferentes grupos sociais e a súa capacidade de cuestionar aqueles aspectos da súa propia cultura que puidesen parecer incuestionables. Así, mediante a aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira desenvolveranse actitudes abertas para aprender tanto a xestionar con intelixencia emocional outras formas de contacto coa alteridade, como a afrontar con curiosidade, empatía e seguridade o encontro co descoñecido.

Os contidos desta materia distribúense en tres bloques. O bloque «Comunicación» abarca os coñecementos, destrezas e actitudes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades lingüísticas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas. O bloque «Plurilingüismo» engloba as estratexias e os procesos, de maneira que aqueles traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas das demais. O dominio das aprendizaxes establecidas neste bloque vai permitir que o alumnado poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos propios da lingua estranxeira e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Por último, no bloque «Interculturalidade», agrúpanse os

coñecementos, destrezas e actitudes sobre as culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, e a oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais que estas posibilitan. Resultan esenciais neste bloque as actitudes de interese, aprecio e respecto por outras linguas, variedades lingüísticas e culturas.

Neste sentido, o currículo de Segunda Lingua Estranxeira estrutúrase ao redor da variedade estándar da lingua coa única finalidade de que a persoa usuaria poida comunicarse cun maior número de persoas interlocutoras.

Cómpre sinalar que no curso actual 2023-2024 esta materia foi ofertada para o alumnado de 3º da ESO como optativa e baixo a denominación Introducción á lingua portuguesa e cultura, posto que para este alumnado a materia é nova, igual que foi de nova inserción no noso centro desde o curso pasado 2022-2023. Por tanto, temos que partir dun nivel inicial e básico para a partir de aí poder aumentalo de xeito progresivo e ir pouco a pouco adecuando ao nivel de 3º curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 3 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | | |
| OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |
| OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2 | 1 | 2 | 1-5 | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 3 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Vamos aprender português! | -Identificación de marcas da identidade cultural portuguesa e da lingua portuguesa. -O alfabeto. -Artigo definido, artigo indefinido; nome, xénero, formación do feminino e do plural. | 10 | 14 | X | | |
| 2 | Novos amigos! | -Identificación propia e doutras persoas; as nacionalidades; dar e pedir información sobre nome e apelidos, morada e teléfono; indicar idade e profesión. -Vocabulario relativo ás nacionalidades, cidades e países; os numerais e as profesións. -Pronome persoal suxeito; presente de indicativo do verbo ser, ter e morar; preposicións "de" e "em" e a súa contraccións; interrogativos (Quem, qual, onde, que e quantos). | 20 | 13 | X | | |
| 3 | A familia e as amizades. | -Graos de parentesco e familia; posesión; información sobre as datas e días da semana, tempo e estacións do ano; descrición das persoas, animais e obxectos; o saúdo presentación doutras persoas e expresar gustos. -Vocabulario relativo aos graos de parentesco e ás características de persoas, animais e obxectos; datas, días da semana, estacións e estado do tempo; cores; gustos e expresións propias do saúdo. -Determinantes posesivos; preposicións para situar accións no tempo; adxectivo; pronomes determinantes indefinidos; expresións de uso cos verbos "gostar", "adorar", "odiar" e "detestar". | 10 | 13 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Estou feliz! O que estás a fazer? | <p>-Descrición dos sentimentos e estados físicos, e causas; descrición da vivenda e situar no espazo obxectos e persoas; indicar cantidade; identificar materiais, padróns e formas; falar de accións en curso, diferentes ou simultáneas; localizar xeograficamente e preguntar ou dar informacións sobre as localizacións dos sitios da cidade.</p> <p>-Vocabulario referente aos sentimentos, estados físicos e as súas causas; léxico da casa (cuartos, mobiliario e obxectos); vocabulario dos materiais, padróns e formas; léxico dos sitios da cidade.</p> <p>-Presente de indicativo do verbo "estar", "haber" e "ficar"; locucións prepositivas de lugar; conxunción temporal "enquanto"; interrogativos (Quanto/a, quantos/as).</p> | 10 | 13 | | X | |
| 5 | Escolas e jovens do mundo | <p>-Comunicar na aula, falar sobre espazos da escola e actividades, horario escolar, tipos de escolas e dar opinión sobre a o ámbito escolar; falar de accións habituais no presente, extraer verdades científicas; identificar alimentos e hábitos alimentarios.</p> <p>-Léxico escolar, das actividades cotiás e dos alimentos e comidas diarias.</p> <p>-Presente de indicativo dos verbos regulares e irregulares; adverbios e locucións adverbiais; conxugación pronominal e colocación do pronome na frase; formación da interrogativa.</p> | 10 | 13 | | X | |
| 6 | Lisboa, a cidade das sete colinas. | <p>-Pedir informacións sobre percorridos, falar sobre o noso barrio e cidade.</p> <p>-Vocabulario relativo aos servizos e comercios, percorridos e transportes, rúas, avenidas e monumentos.</p> <p>-Expresión con "ir a/ ir para"; verbos de movemento no presente de indicativo; verbos con preposicións e locucións prepositivas; contracción da preposición "a", "em", "de" e "por"; diferenza entre "para" e "por".</p> | 20 | 13 | | | X |
| 7 | Adivinha como vai ser a festa! | <p>-Falar de accións no futuro próximo; extraer intencións, facer plans e previsións.</p> <p>-Léxico relacionado con intencións, plans e previsións.</p> <p>-Futuro próximo ("ir + infinitivo"); futuro imperfecto do indicativo; expresións do tempo.</p> | 10 | 13 | | | X |
| 8 | Vamos de compras e petiscar? | <p>-Previsións sobre o estado do tempo; dar consellos, suxestións e instrucións; expresións referentes a ir de compras; comprender un menú, recoñecer os tipos de restaurante, facer pedidos; pedir e dar opinión, convidar e suxerir, aceptar ou</p> | 10 | 13 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 8 | Vamos de compras e petiscar? | rexeitar un convite. -Léxico do estado do tempo, compras e tendas, comidas e bebidas, restaurantes, menús, louza; fórmulas de opinión e cortesía. -Demostrativos asociados aos verbos de lugar ("aquí", "aí" e "alí"); modo imperativo e verbos de opinión. | 10 | 13 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1 | Vamos aprender português! | 14 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital. | É quen de completar algún formulario e documento moi básico para solicitar información persoal sinxela, en soporte tanto impreso como dixital. | PE | 40 |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Logra amosar actitude de respecto cara a si propio/a e cara as demais persoas para comprender minimamente e facerse comprender, tentando considerar o erro como fonte de aprendizaxe. | TI | 60 |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Identifica certos progresos e algunhas dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación a coavaliación, recoñecendo e valorando as principais estratexias de logro propias e alleas; reproducindo algúns aspectos que axuden a mellorar. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñece algúns estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e consegue utilizar certas estratexias para explicar e comprender minimamente a diversidade lingüística, cultural e artística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | Novos amigos! | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Consegue extraer e expresar o sentido máis global e a información máis relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre algúns temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos ás súa experiencia. | PE | 20 |
| CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar. | É quen de interactuar respondendo e facendo algunhas preguntas e dado e comprendendo certas informacións sinxelas do ámbito persoal máis básico, así como algunhas instrucións e peticións básicas do ámbito escolar. | TI | 80 |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Utiliza algunha estratexia de activación de certos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando algunhas carencias lingüísticas. | | |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Explica minimamente o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración algúns coñecementos e experiencias do mundo e noutras linguas. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñece certos estereotipos, rexeitando minimamente aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüístico e culturais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 3 | A familia e as amizades. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que <i>no caso da oralidade</i> estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. | Logra comprender algunha información esencial en situacións comunicativas orais ou escritas, con presentacións e descricións moi sinxelas, léxico básico e algunha imaxe, sobre cuestións cotiáns básicas. | PE | 40 |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Consegue aplicar certas estratexias de forma guiada para facilitar a comunicación, con algúns recursos e apoios físicos ou dixitais. | TI | 60 |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Consegue explicar minimamente o proceso de produción textual e de hipóteses de significados. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | É quen de aceptar e respectar minimamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, con certo interese de comprender os elementos culturais e lingüísticos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiáns (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 4 | Estou feliz! O que estás a fazer? | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Usa algunhas estratexias básicas de comprensión e información esencial, as ideas principais e algúns detalles relevantes de textos sinxelos. | PE | 100 |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Consegue identificar os progresos e dificultades fundamentais da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada e minimamente actividades de autoavaliación e coavaliación. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utiliza adecuadamente certas convencións orais e escritas básicas da lingua estranxeira na comunicación escrita e oral. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc. - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 5 | Escolas e jovens do mundo | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | Consegue aplicar algunhas estratexias e coñecementos básicos para producir textos escritos (adequados a/o destinatario/a, finalidade, revisión e versión final) a partir de modelos estruturados e con axuda previa. | PE | 30 |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | É capaz de transmitir a terceiras persoas algunha información moi simple e previsible, de interese inmediato (sinais, paneis informativos, carteis, menús, horarios...) cun mínimo respecto e empatía. | TI | 70 |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Consegue utilizar e diferenciar con certa autonomía os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade comunicativa na lingua estranxeira, co apoio doutros participantes ou distintos soportes. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñece algún estereotipo, rexeitando os que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | Consegue aceptar e respectar minimamente a diversidade lingüística, cultural e propia de países onde se fala a lingua estranxeira, amosando certo interese. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|----------|
|----------|

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 6 | Lisboa, a cidade das sete colinas. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redacta minimamente textos curtos e básicos a partir de modelos sinxelos, mensaxes e notas simples con información ou instrucións básicas. | PE | 40 |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Logra participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo algún texto intelixible e reparando nalgúns dos erros básicos de pronuncia. | TI | 60 |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Consegue comparar similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participa minimamente en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados con elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando en certo modo as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo). |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------------|-----------------|
| 7 | Adivinha como vai ser a festa! | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | É quen de aplicar de forma guiada algunhas estratexias elementais para crear pontes e facilitar a comunicación, usando algúns recursos e apoios físicos ou dixitais. | PE | 40 |
| CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | Consegue producir oralmente textos moi curtos e sinxelos, a partir de modelos simples e básicos, sobre temas cotiáns pronunciando de maneira minimamente intelixible, prestando atención á entoación e detectando algún erro básico de pronuncia. | TI | 60 |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Consegue interactuar de maneira moi simple pero minimamente suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o precisar. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Logra participar nalgún proxecto nos que se utilizan varias linguas e relacionados con elementos transversais, evitando certos estereotipos lingüísticos ou culturais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiáns; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------------|-----------------|
| 8 | Vamos de compras e petiscar? | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Consegue transmitir a terceiras persoas información simple e moi previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples (sinais, paneis, carteis, folletos, horarios, menús...) mostrando certo respecto e unha mínima empatía polos/as interlocutores/as. | PE | 70 |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | É capaz de utilizar adecuadamente as principais convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito. | | |
| CA1.4 - Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado. | Consegue comprender minimamente algunhas descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos e cotiáns sobre temas traballados previamente. | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao inicio de cada unidade, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se imparten, para conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. Así tentaremos lograr unha aprendizaxe significativa, na cal o discente posúa un papel protagonista e a docente desenvolva un papel de guía no proceso ensino-aprendizaxe.

Desta maneira, proporanse preguntas que supoñan un revulsivo para o estudiantado e que incrementen a súa atención por medio da interacción coa docente. O obxectivo correspóndese con dotar ao alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a procuraren por si propios a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é familiarizarse coa lingua portuguesa para acadar unha progresiva competencia comunicativa e escrita.

Combinamos a realización de traballos individuais con traballos cooperativos que melloren o vínculo entre os discentes e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Tentaremos fomentar de maneira gradual a oralidade en lingua portuguesa durante as aulas desta maneira, para que o alumnado sexa quen de, pouco a pouco, empregala en todo momento e acadar competencia comunicativa en portugués.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si propios e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-O deseño de proxectos significativos, mais ao mesmo tempo sinxelos para o alumnado, e o estímulo mediante a lectura e a audición en portugués de informacións ou textos tamén de actualidade.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en practica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega.

-A proposta de lecturas de distintos textos tanto dentro da aula como fóra, ou de obras sinxelas, asequibles e atraentes para os discentes que lles axuden a se familiarizar coa lingua portuguesa.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente en situacións básicas. A escoita de música portuguesa xogará un papel importante neste sentido.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua portuguesa a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Bayan Ferreira, Ana Maria & José Bayan, Helena, Na crista da onda 1. Manual do alumno, nivel A1 (Lidel, 2022) |
| Bayan Ferreira, Ana Maria & José Bayan, Helena, Na crista da onda 1. Caderno de exercicios, nivel A1 (Lidel, 2022) |
| Bayan Ferreira, Ana Maria & José Bayan, Helena, Na crista da onda 2. Manual do alumno, nivel A2 (Lidel, 2022) |
| Bayan Ferreira, Ana Maria & José Bayan, Helena, Na crista da onda 2. Caderno de exercicios, nivel A2 (Lidel, 2022) |
| Dias, Ana Cristina, Entre nós. Método de português para hispanofalantes. A 1 (Lidel. 2011) |
| Dias, Ana Cristina. Entre nós. Método de português para hispanofalantes. B 1 (Lidel. 2011) |
| Dicionário visual. (Através Editora. 2022) |
| Fagim, Valentim. Estou a estudar português. (Através Editora. 2022) |
| Histórias de bolso. A 1 (Lidel) |
| Histórias do mundo. A 1 (Lidel) |
| Sousa Martins, Ana. Contos com nivel A1 (Lidel. 2021) |
| Sousa Martins, Ana. Contos com nivel A2 (Lidel. 2021) |
| Aulas galegas: portugués https://aulasgalegas.org/category/linguas/portugues/ |
| Dicionário Priberam https://dicionario.priberam.org/ |
| Infopédia. Dicionário da Porto Editora https://www.infopedia.pt/ |
| Instituto Camões https://www.instituto-camoes.pt/es/ |
| RTP: Estudo em casa. Recursos para aprender português, língua não materna https://www.rtp.pt/play/estudoemcasa/ |

Sempre temos aulas na mesma clase, que é a clase ordinaria do grupo de 3º da ESO. Non dispoñemos de computadores na aula, polo que para poder empregalos teríamos que ver a dispoñibilidade da aula de informática nesas horas.

O alumnado traballa co libro de texto "Na crista da onda. Manual do alumno. Nivel A1" (Lidel, 2022). Na clase hai oito exemplares deste manual, polo cal para traballar con el teñen que partillalo dous/dúas discentes. Ademais,

facilitámoslles fotocopias do correspondente exemplar de exercicios dese mesmo manual. Segundo vaia avanzando o curso e adquiren un nivel axeitado no desenvolvemento e adquisición dos contidos e competencias, empregaranse fotocopias ou distintos recursos extraídos do libro de texto "Na crista da onda. Manual do alumnado. Nivel A2", así como co correspondente manual de exercicios. Ademais, moitos materiais e recursos son subidos á aula virtual, coa cal traballamos case semanalmente.

A aula e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance algúns dos recursos e materiais do centro, aínda que por agora son escasos os recursos específicos en lingua portuguesa, por ser unha materia que se imparte por segundo ano no centro. A biblioteca contará cun pequeno espazo dedicado a obras en lingua portuguesa e algún dicionario, ademais esta dispón doutros recursos xerais para realizar traballos de investigación etc. En xeral, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua etc.
- Material bibliográfico: algún libro de lectura, libros de texto e de consulta etc.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso procedemos, coincidindo coa primeira unidade didáctica, á avaliación inicial. Neste caso esta foi dirixida á competencia lingüística xeral, a coñecer o contacto que o alumnado ten coa lingua portuguesa e cos intereses que os motivaron a cursala e o nivel de coñecemento previo sobre o idioma e a cultura portuguesa; xa que para eles/elas é unha materia ou ámbito do saber totalmente novo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 20 | 10 | 10 | 10 | 20 | 10 | 10 | 100 |
| Proba escrita | 40 | 20 | 40 | 100 | 30 | 40 | 40 | 70 | 44 |
| Táboa de indicadores | 60 | 80 | 60 | 0 | 70 | 60 | 60 | 30 | 56 |

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación por avaliación que se seguen son:

- Probas escritas (dous exames por avaliación) supón o 60%.
- A proba de oralidade correspóndese co 10%.
- Lectura ou lecturas guiadas 10%.
- Producións clase-casa, traballos, proxecto, traballos de aula 20 %.

A maiores, contéplase a posibilidade de subir ata 0,5 puntos sobre a media do segundo e terceiro trimestre mediante un traballo optativo (investigación, exposición, breve lectura...). Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma das partes. Empregarase a media aritmética redondeada á centésima máis próxima, e no caso de equidistancia, á superior (exemplo: 5,5= 6).

Se un/unha alumno/a falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, non se recollen fóra de prazo. No caso de detectar que un alumno/a

copia nun exame retiráraselle a proba inmediatamente e poráselle un 0.

A avaliación é continua e para calcular a nota final do curso realizarase a media ponderada das avaliacións trimestrais (1ª aval. 30%, 2ª aval. 30% e 3ª aval. 40%). O alumnado que suspenda algunha avaliación ou todas poderá recuperalas mediante unha proba de cara a avaliación FINAL.

Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda algunha avaliación poderá recuperala unha vez finalizada esta. No caso de que esta medida non sexa suficiente realizará unha proba de recuperación final de cara a esa avaliación FINAL.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Esta programación foi modificada seguindo a Orde do 27 de decembro de 2022 no relativo ás avaliacións.

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou tutores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a suza avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes debeá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que aprobe a primeira metade en xaneiro, só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba ou os que non se presentasen ao exame, deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso. Debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior. No mes de xaneiro do curso actual, o alumnado que suspendese o primeiro proxecto do curso anterior poderá volver a entregalo para a súa recuperación.

A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar os exames.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

Táboa de indicadores (probas orais, proxectos etc.): 50%

Proba escrita: 50%

A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

En concreto, temos un alumno con AACC e outro con dislexia, cos cales se seguirá o protocolo pertinente e as medidas axeitadas ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, así como da avaliación do mesmo. Ademais, tense en conta o ritmo particular de cada alumno/a e as necesidades que poidan xurdir e precisar ao longo do curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | | X | | X | | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | | | X | | X | | | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | X | X | | | | X | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | | | | | X | | |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | | | |
| ET.8 - Igualdade de xénero | | | X | | | | X | |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en II Lingua Estranxeira Portugués de 3º da ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de II Lingua Estranxeira Portugués, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| 2º/3º Trimestre Viaxe a Portugal | Viaxe a Porto para o alumnado que cursa Lingua Portuguesa (3º e 1º da ESO) | | X | X |

Observacións:

Polo de agora non están fixadas todas as actividades complementarias vinculadas coa materia. De todas formas, tentarase participar nas distintas actividades do instituto como a actuación de Nadal para a que tentaremos que o alumnado de 3º de Portugués colabore co alumnado de 1º da ESO da mesma materia na preparación dunha actuación en portugués.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso. |
| 5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos. |
| 8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías. |
| 9. Existiu un seguimento continuo da Programación Didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias. |
| 12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización. |
| 13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos. |
| 14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados. |
| 19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia. |

| |
|--|
| 21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase. |
| 23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora. |
| Metodoloxía empregada |
| 1. Propiciouse un ambiente motivador na aula. |
| 6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles. |
| 15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos. |
| 24. Fomentouse co alumnado practicar a lingua portuguesa co profesor/a e cos seus compañeiros/as. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas culturais, como de procedencia. |
| 3. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. |
| 16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos. |
| Clima de traballo na aula |
| 7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula, demostrouse unha actitude entusiasta e dinámica. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencias etc.) |
| 11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas. |
| 17. Participouse no Plan Lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.) |
| 18. Asistiuse ás reunións de Departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora. |
| 22. Mantívoose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos. |

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron

proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introdución.
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.
- Medidas de atención á diversidade.
- A concreción dos elementos transversais.
- As actividades complementarias.
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- Canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados